

# ENTRE AS FIGUEIRAS

Erige Sehiri, 2022

# 1139

ESTREA EN NUMAX: 14.07.2023 | V.O.S.G. | +7 | 92 min

No noroeste de Tunes, un grupo de mulleres e de homes novos traballan recollendo figos. Baixo a testemuña das árbores, desenvolven novos sentimentos, discuten, atópanse e esquívanse, namoran e tentan entenderse. Ao longo do día, a horta convértese nun teatro de emocións, onde se representan os soños e as esperanzas de cada un deles.

«Demostra unha sensibilidade moi persoal para captar o detalle emocional»

Jara Yáñez, CAIMÁN



## Entrevista con Erige Sehiri: «Quería traballar con xente da rexión, que falara o dialecto particular desta rexión orixinalmente bérber»

**Cal foi a xénese de *Entre as figueiras*?** Estaba pegando carteis nas paredes dun instituto para anunciar un casting nunha rexión rural do noroeste de Tunisia. Quería rodar un filme duns mozos que dirixen unha emisora de radio local, coñecín a Fidé e quedei prendida dela. Non tiña moito interese en vir ao casting, pero ao final presentouse. Pregunteille que ía facer en verán e díxome que ía traballar no campo. Así que fun vela a ela e a todas as demais temporeiras e iso cambiou por completo a miña idea sobre o filme que quería facer. Esas traballadoras agrícolas conmovéronme e canto máis falaba con elas sobre a súa vida cotiá, a súa forma de traballar, as súas relacións cos homes, co patriarcado, máis conta me din da cantidade de material que podía explorar. Quixen poñer cara a esas mulleres traballadoras que normalmente pasan desapercibidas. Así que comecei a escribir escoitando en bucle “L’Estaca”, a canción protesta escrita baixo a ditadura franquista en España. A versión árabe tunisiana de Yesser Jra-di é unha canción sobre o traballo, o amor e a liberdade.

**Por que elixiu mostrar a recolección de figos en particular?** Fidé adoita recoller cereixas, mazás ou granadas, pero o meu pai procede dunha vila dunha rexión onde o cultivo de figos está moi estendido. Medrei coñecendo o ciclo do cultivo e a recolección dos figos. Vía o meu pai coidar as súas figueiras e escoitaba as súas explicacións sobre a fertilización e a polinización. De feito, en sentido estrito, os figos son falsas froitas formados por flores diminutas e só comemos figos das árbores femia! Se non se ten coidado, o zume leitoso dos talos pode queimar os dedos. Hai que recollelos con moito coidado. Tamén é unha froita moi sensual, fráxil, pero con follas fortes; máis ou menos como os personaxes do filme. As figueiras son moi bonitas e, no verán, a miña rexión pode ser moi calorosa, e podes esconderte baixo as figueiras, que proporcionan abeiro e un respiro do calor. Envólvente, pero tamén poden ser un pouco sufocantes. Visualmente, quería traballar a idea de que esas rapazas tamén eran asfixiadas nas súas vidas, afogadas pola falta de oportunidades e unha contorna familiar conservadora.

**Como escolleu o reparto?** Desde o comezo, era evidente a necesidade de contar con actores e actrices non profesionais nesta contorna. Quería traballar con xente da rexión, que falara o dialecto particular desta rexión orixinalmente bérber. No cinema tunisiano ou árabe en xeral non adoita escoitarse ese acento, que normalmente é obxecto de burla, xa que parece pouco delicado. Así que pensei que era unha forma de render homenaxe a esa xente e darlle voz. Era impensable conseguir actores que imitasen o acento e, en calquera caso, hai moi poucos actores profesionais desa idade na rexión.

**Como influíu no filme esa diversidade de personaxes e orixes?** Creo que todo o filme trata de recoller e reunir historias, viaxes vitais, lugares concretos, a medida que visitaba diferentes hortos de figos. Algúns dos personaxes apareceron mentres ensaiabamos. O rapaz que interpreta a Abdou (Abdelhak Mrabti), por exemplo, foi o último en unirse ao reparto. Recollín momentos de emoción con toques de lixeireza, facendo constantes cambios nas escenas, nas palabras ou nas intencións. Foi moi orgánico, cambiaba constantemente e, mentres rodabamos, falaba coas miñas coguionistas, Ghalya Lacroix e Peggy Hamann e, por suposto, coa miña directora de fotografía, Frida Marzouk.



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/libreria](http://numax.org/libreria)

*El juego del amor y del  
azar; La isla de los  
esclavos; La disputa; La  
colonia,*  
Pierre Marivaux.  
Cátedra, 2016

*Siempre han hablado por  
nosotras,*  
Najat El Hachmi.  
Planeta, 2019

*Las señoras de la fresa,*  
Chadia Arab.  
Oriente y Mediterráneo, 2020